

Morreu Tareixa, a pequena dos Castelao

A máis lonxeva dos tres irmáns ia cumprir 101 anos o vindeiro mes de Maio

♦♦ A. ESTÉVEZ

Rianxo viviu unha xornada de loito oficial o Venres 24 de Marzo. Tareixa Castelao morría no día anterior aos cen anos de idade. O concello de Rianxo despediuna proclamando "o respeito e admiración de todos os rianxeiros e rianxeiras á figura desta insigne muller, que xa repousa baixo o fanal azul e branco de Galiza, xunto aos bons e xenerosos da Pátria". Tareixa, a nena feble que nace no negocio arxentino dos seus pais "La Cruz Colorada" e a máis lonxeva dos tres irmáns Rodríguez Castelao, converteuse na gardesa da memoria de Alfonso Daniel nunha casa, a da rua de Abaixo de Rianxo, que era máis que un lugar de lembranzas.

A filla predilecta de Rianxo e presidenta de honra da fundación que leva o nome do seu irmán foi soterrada no cemitério municipal o mesmo Venres 24. Organizacións políticas e personalidades que acudiron á cerimonia recoñeceron a súa xenerosidade co legado de Castelao e, dun xeito máis implícito, a persecución sufrida en vida xunto á súa irmá Xosefina como meio de presión sobre aquel político insigne que se exiliou na Arxentina. Para o PP, "un símbolo do galeguismo", en opinión do PSOE, "unha figura cun lugar reservado na historia", mentres que o BNG láise da perda "da memoria viva dunha das figuras políticas máis importantes da historia do noso país".

Tareixa Rodríguez Castelao era a máis pequena, tamén a máis calada; sinalan todos os que coñeceron a Tareixa e a Xosefina que, se ben esta última era a extrovertida, a memoria da menor resultaba prodixiosa. Se Xosefina precisaba do detalle para completar o relato botaba man da cabeza da súa irmá pequena. Memoria da que fixo gala nas conversas mantidas co veciño Manuel Dourado Deira e publicadas recentemente en Sotelo Blanco. Memoria que omitía ou simplemente non quería lembrar os agravios ao seu irmán, por exemplo a confiscación das contas bancarias e dos bens da familia sob pretexto de cubrir unha multa a Daniel ou, cun silencio máis dramático, cando se nega a rememorar ante un magnetófono a morte dos seus dous curmáns no bou "Eva", en Vigo, cando fuxian do feixismo. Pero tamén memoria que lembraba como as dúas, Xosefina e Tareixa, foron perseguidas e tachadas de "rojas" polo seu parentesco. "Esas eran as cousas que Daniel non sabía", comentaba Tareixa. "Cousas" como ter que declararse extranxeiras en Rianxo, através do consulado arxentino de Vilagarcía, para recibir amparo en caso de perigo.



Tareixa Castelao diante do cadaleito do seu irmán, xunto a Albor e Xabier Baltar. Abaixo, asinando a recepción.

Sinalaba a irmá pequena de Daniel sen amargura que a súa nai quería moito máis a este que as dúas fillas e que finou co seu nome nos beizos. E lembraba que Castelao presentiu na América a morte da súa nai, no ano 1945, antes de que lle deran a nova. "Non me digades a que vindes, que xa sei que morreu miña nai", di Castelao ante os emisarios. Sensación semellante tiveron as dúas irmáns cando en 1950 chegou

a noticia a Rianxo da morte de Castelao. Axiña presentiron o mal mália os intentos de agachar a gravidade da doenza por parte de Otero Pedraio.

Sempre en Galiza por turnos

Amosábase lúcida, gostaba de ler e gardaba na casa todos os recordos que lle lembraban a relevancia política do seu irmán. Tareixa tamén tiña opi-

nión sobre a concesión das medallas que a Xunta outorga en honra a Daniel. "Un día eu xa llo dixen a Avelino Pousa Antelo. Pregunteille quen e como deron esas medallas sen antes pasar a lista dos candidatos á fundación para evitar que se concedan a quen non as merece. Iso había que criticalo, e facer unha proposta alternativa e dirixila a quen correspondía", queixábase a Dourado Deira.

"De Sempre en Galiza non veu máis ca un exemplar clandestinamente, camuflado, non? Ese exemplar continuou a súa andaina por aquí, pero na clandestinidade, pasando de man en man. A nós, tamén nolo trouxeron aquí, á casa, persoalmente. Pero non sei dicir fixo quen nolo trouxo. De aquí, de Rianxo, non foi. Foi de fora. Mandárono por man e déronnos quince días para o ler. Aos quince días, viñeron para o levar a outro sitio. Era de noite. E así andou correndo como puido..."

A vella Tareixa, que chegara aos 101 anos en Maio, lembraba a *Gateado*, o cabalo que o Mariano, o seu pai, tiña en Bos Aires, tamén recordaba a vinganza de Viturro sobre o hórrido familiar da Fincheira ou a voda de Daniel con Virxínia. Recitaba as cantigas populares de memoria e lembraba as romarías máis concorridas ás que acudía de moza. Da súa xenerosidade habería que citar o xesto que tivo ao ceder o nicho reservado para ela cando se trasladaron a Rianxo os restos dos irmáns Insua, os curmáns mortos no bou *Eva*. "Que estén acochados pola familia, a min ben me vale o *faiado*", dixo gardándose para si o nicho máis alto. ♦



Reportaxe Gráfica: XAN CARBALLA

A glória dun xornalista

X. E. ACUÑA

As necrolóxicas son unha nada desprezable fonte de información. Convértese as máis das veces nunha sorte de biografía oficial da que desaparece o que se trata de esquecer -véxanse senón esas elexias fúnebres do diário *El País* das que se evaporan os cargos franquistas dos falecidos- ou aproveitando conxunturas, un obituário pode quedar convertido de xeito oportunista nunha falaz morte de estado ideada cal cortina de fume (véxase o recente falecemento de Tereixa Castelao).

As esqelas fornecen aos historiadores desde a relación de deudos do defunto. Os seus lazos con distintas banderías políticas quedan no presentado a meio de fillos políticos, curmáns, compadres e demais familia. Hai uns meses unha necrolóxica no *Faro de Vigo* situaba a un defunto, de apelido Moreno, como parte no accionariado do xornal vigués. Ante tal información as cousas comezaban a cadrar.

Julio Santos Pena fai de correspondente do decano da prensa estatal en Marín e desde o seu privilexiado colunário foi o valedor principal e apaixonado dunha campaña aleivosa. Trátase de evitar que o Instituto de Bacharelato da súa vila perdesse a denominación que o consagraba a un dos protagonistas do golpe militar de Xullo de 1936. Salvador Moreno é o espadón español que segue a empocar impresos, promocións, paredes e intercámbios estudantis deste desafortunado centro de ensino grazas a labor interesado dun xornalista que naceu na política con base joseantoniana e devalar de ucedista derrotado na transición.

Quedoulle a Santos Pena pequeno o seu fracaso naqueles tempos e procurou a glória da pluma asaíndose coas folgas mariñeiras do Morrazo e o nacionalismo marinense. Hai meses creu ter a exclusiva da súa vida -esa que ascende a un flamante gabinete de prensa de consellaría- pero a súa emporcada nova foi posta en cuarentena polo resto dos medios de comunicación. Contodo, o seu lapo acusador de fonte anónima foi circulando como corren as noticias que se basean nunha grande mentira. Parte dos seus antigos inimigos deron en aliados e a espiral da senrazón foi en aumento. Santos Pena veu alcanzada a glória. A mesma que quer para Salvador Moreno. ♦

VOLVER AO REGO

ETA quixo matar a Carlos Herrera. Non hai máis voltas que condear o intento. As declaracións de Otegui ("a organización armada trata de condicionar a liña informativa dun meio") amosan un simétrico despropósito cos que pretenden acusar ao PNV por querrelarse xudicialmente contra o xornalista, como se ir ao xulgado fose facer unha lista negra. ♦